



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Convocatoria do proceso selectivo para a selección e posterior nomeamento do/a xerente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames, EPEL. expediente GD: 3258/2024

ANUNCIO

CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR NOMEAMENTO DO/A XERENTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES, EPEL.

EXPEDIENTE GD: 3258/2024

Por acordo do Consello de Administración da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames, EPEL, en sesión do 04.03.2024 aprobaranse a convocatoria e as bases para a selección e posterior nomeamento do/a xerente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames, EPEL, sendo as bases as seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN, E POSTERIOR NOMEAMENTO, DO/A XERENTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL

1ª. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a selección, e posterior nomeamento, do/a Xerente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (en diante Augas de Ames EPEL), consonte o previsto ao efecto nos artigos 11 e 20.b dos seus Estatutos (BOP núm. 110, de data 12.06.2023) e restante normativa de aplicación.

2ª. O/A XERENTE. RÉXIME XURÍDICO E CONDICIÓNS DE EXERCICIO

2.1. Segundo o disposto nos Estatutos de Augas de Ames EPEL, o/a seu Xerente terá a condición de órgano directivo, asimilado a alto cargo. Resultándolle de aplicación o réxime xurídico e de selección/nomeamento inherente á dita condición, con arranxo ao previsto no artigo 20.b dos ditos Estatutos, artigo 85.bis da LRLBRL, artigo 55.11 e 106 da Lei 40/2015 de 1 de outubro e, en todo o que no seu caso proceda, na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado (e/ou restantes previsións normativas concordantes, substitutivas e/ou de aplicación análoga).

2.2. Ao abeiro do sinalado no apartado anterior e, polo tanto, da condición de persoal directivo asimilado a alto cargo, o/a Xerente/a formalizará e desenvolverá a súa vinculación e relación de servizo coa Augas de Ames EPEL en virtude de nomeamento administrativo. E resultaralle de aplicación o réxime de protección social propio da dita consideración de alto cargo, consonte o disposto ao efecto, e en todo o que proceda, no artigo 5 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado (e/ou aquelas outras previsións normativas concordantes, substitutivas e/ou de aplicación análoga).

2.3. Segundo o disposto nos Estatutos da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (artigos 11 e 15) corresponderá ao seu Consello de Administración o nomeamento e cese do/a Xerente, previa proposta do/a seu Presidente/a. O nomeamento será polo tempo que no seu caso acorde o Consello de Administración e, en todo caso, ata que este resolva o cese.

2.4. O cargo de xerente exercerá con dedicación exclusiva, con suxeición ao réxime xeral de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e sen incorrer en conflito de intereses, nos termos do disposto ao efecto e en todo o que proceda, nos artigos 11 e seguintes da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado (e/ou aquelas outras previsións normativas concordantes, substitutivas e/ou de aplicación análoga). Estando tamén suxeito ás obrigas sobre declaracións de bens e actividades contempladas no artigo 75.7 da LRBRL, que serán realizadas e obxecto de rexistro e publicación nos mesmos termos e prazos previstos para os cargos electos municipais

2.5. Ao/á Xerente resultaralle aplicable o réxime disciplinario previsto para o persoal funcionario ao servizo da administración local, sen prexuízo da aplicación, en todo o que proceda, do réxime sancionador contemplado nos artigos 25 e seguintes da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado.

2.6. Funcións: Ao/á Xerente corresponderalle o exercicio das potestades e funcións atribuídas en virtude do artigo 12 dos Estatutos de Augas de Ames EPEL ou, no seu caso, daquelas que poidan ser conferidas por modificación dos ditos Estatutos e/ou pola restante normativa de aplicación.

2.7. Retribucións: 60.000 euros brutos anuais. Que se percibirán en doce pagas ordinais (de xaneiro a decembro) máis dúas extraordinarias (nos meses xullo e decembro), e todas elas por un importe equivalente.

2.8. Xornada laboral. O/a Xerente deberá cumprir coa mesma xornada fixada en cómputo anual para o restante persoal da entidade; que poderá ser incrementada e distribuída de forma variable segundo necesidades de servizo/funcionais, garantindo en todo caso o cumprimento dos descansos mínimos obrigados pola normativa laboral e de seguridade e saúde.

2.9. A determinación das condicións de emprego do/a Xerente non terá a consideración de materia obxecto de negociación colectiva

3ª. PUBLICIDADE

O anuncio da convocatoria regulada polas presentes bases, así como o texto íntegro das mesmas, serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames. Os sucesivos e restantes anuncios serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, agás o anuncio sobre nomeamento do/a Xerente, que tamén se publicara no BOP.

4ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para participar e seren admitidas nesta convocatoria as persoas interesadas deberán reunir os requisitos sinalados a continuación e que, en todo caso, deberán acreditar cumprir ou estar en condicións de facelo á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, e manter, asemade, no momento do nomeamento e toma de posesión:

4.1. Requisitos específicos

a) Requisitos requiridos segundo o disposto no artigo 11 dos Estatutos de Augas de Ames EOEL e 85.bis da LRBR: Ser funcionario/a de carreira ou laboral fixo ao servizo das Administracións Públicas, ou profesional do sector privado, titulados/as superiores (titulados/as universitarios) en ambos os dous casos, e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo

No caso de que a ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberase ter concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), o Real Decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro), ou aquela outra normativa concordante vixente ao respecto.

b) Requisito de honorabilidade requirido pola asimilación a alto cargo, nos termos do disposto ao efecto no artigo 2 da Lei 3/2015, de 30 de marzo. E que deberá acreditar reunir/cumprir consonte o previsto no dito artigo, mediante declaración responsable incorporada na solicitude de participación (Anexo I) e na que manifestará a ausencia das causas que impedirían a concorrencia da dita honorabilidade.

4.2. Restantes requisitos

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e restante normativa concordante, permita o acceso ao emprego público

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes

As persoas con DISCAPACIDADE poderán concorrer en igualdade de condicións que o resto das/os aspirantes; e terán que acreditar, en todo caso, a condición legal de discapacidade (nos termos do disposto e definido ao efecto no RD Legislativo 1/2013 do 29 de novembro, ou aquela outra normativa concordante), e a súa compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, para o que terán que presentar, xunto coa solicitude de participación, certificacións/documentos acreditativos/xustificativos de tales circunstancias emitidos polos órganos/autoridades competentes ao efecto.

c) Non estar en situación de separación/despido por expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin en situación de inhabilitación para emprego ou cargo público de carácter absoluto ou especial que, de conformidade coa normativa aplicable vixente

No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, e nos mesmos termos anteditos, o acceso a cargo/emprego/posto equivalente ao convocado

d) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega (CELGA 4 u equivalente), ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, non poderán ser propostos para o seu nomeamento como Xerente sen a previa realización e superación (coa cualificación de apto/a) dunha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto a continuación, e que cualificará ao/á aspirante como apto/a ou non apto/a.

Dita proba será elaborada e corrixida por persoal técnico adscrito ao servizo de normalización lingüística do Concello de Ames. Consistirá nunha tradución dun texto do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, e mediante a que se deberá demostrar unha competencia lingüística similar á esixida para obter o certificado de lingua galega requirido na convocatoria (CELGA 4, ou equivalente). Correspondéndolle ao persoal técnico encargado da proba a determinación do nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de “apto/a”.

5ª. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

5.1. As persoas interesadas en participar e seren admitidas nesta convocatoria deberano facer constar mediante instancia/solicitud dirixida ao Presidente do Concello de Administración de Augas de Ames EPEL, realizada segundo modelo/formulario que figura como ANEXO I (e que tamén se poñerá a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello), e que se deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, xa sexa presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos, ou mediante calquera das restantes formas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

5.2. O prazo para a presentación das instancias/solicitudes de participación será de dez (10) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación desta convocatoria e bases no BOP. A non presentación en tempo e forma suporá a inadmisión da persoa aspirante na convocatoria

5.3. As persoas que queiran facer constar a súa condición legal de DISCAPACIDADE deberano advertir na propia solicitude, no apartado que se habilitará a tal efecto. E terán que acreditar, en todo caso, a dita condición legal de discapacidade (nos termos do disposto e definido ao efecto no RD Lexislativo 1/2013 do 29 de novembro, ou aqueloutra normativa concordante), e a súa compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte, para o que terán que presentar, xunto coa solicitude de participación, certificacións/documentos acreditativos/xustificativos de tales circunstancias emitidos polos órganos/autoridades competentes ao efecto.

5.4. Os erros de feito, materiais ou aritméticos o aqueloutros que non afecten ao cumprimento dos requisitos de participación ou ao resultado do mesmo e que, de ser o caso, se puidesen advertir na solicitude poderanse, poderanse emendar de oficio, ou a petición da persoa interesada, en calquera momento durante o desenvolvemento do propio proceso selectivo.

5.5. Xunto coas solicitudes de participación as persoas aspirantes deberán achegar, en todo caso, a documentación sinalada a continuación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Certificacións ou documentos acreditativos/xustificativos fidedignos de cumprir, ou en condicións de facelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os requisitos específicos de participación sinalados na base 4.1.
- c) Certificado médico asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e/ou tarefas a desenvolver en caso de ser nomeado/a, consonte o indicado ao efecto na base 4.2.b
- d) Documento acreditativo/xustificativo fidedigno de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para participar nesta convocatoria (CELGA 4 ou equivalente), consonte o indicado ao efecto na base 4.2.d

- e) Currículo ou documento equivalente e comprensivo da súa traxectoria profesional/formativa, asinado pola persoa aspirante; e que deberá incluír, en todo caso, a relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes e cuxa valoración se pretenda para apreciar a idoneidade da súa selección e nomeamento, con arranxo ao indicado ao respecto na base 7.2, xunto con copia da documentación de acreditación/xustificación fidedigna dos mesmos, na forma indicada na dita base

Debendo advertirse, a este respecto, que non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados, nin debidamente acreditados, na forma, prazo e con arranxo aos criterios básicos sinalados na presentes bases.

5.6. En todo caso, a acreditación documental dos requisitos, circunstancias e méritos indicados nos apartados anteriores desta base realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se puidera requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o seu cotexo.

6º. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente do Consello de Administración ditará resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas da exclusión, e sinalarase un prazo de tres (3) días hábiles para a súa emenda, de acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, no seu caso, advertir para posibles omisións sen causa indicada. Quen, dentro do dito prazo, non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

No caso de omisións sen causa indicada e que respondan a erros de feito, materiais ou aritméticos o aqueloutras que non afecten ao cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo poderanse emendar de oficio, ou a petición da persoa interesada, con posterioridade a aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas

Finalizado do prazo des emendas, estas serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución do Presidente, na que aprobará a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación do nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI e, no seu caso, das causas da exclusión; e na que tamén procederá a designar os integrantes da Comisión Técnica de Selección, segundo o sinalado na base 8. Dita resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.

7ª. SELECCIÓN E NOMEAMENTO. CRITERIOS E PROCEDEMENTO APLICABLES

7.1. Segundo o disposto nos Estatutos da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL (artigos 11 e 15) corresponderá ao Consello de Administración o nomeamento do/a Xerente, previa proposta do seu Presidente/a.

7.2. A selección e nomeamento do/a Xerente responderá ao criterio de idoneidade.

A apreciación da idoneidade e, polo tanto, a selección da persoa que se entenda idónea para o seu nomeamento como Xerente, realizarase, á súa vez, atendendo a criterios de experiencia e competencia profesional para o seu desempeño. E aos ditos efectos, serán obxecto de valoración os méritos que se indican a continuación, xunto cos criterios de puntuación aplicables a tal afecto, e que teñan sido adecuadamente presentados e acreditados polas persoas aspirantes segundo o especificado nas presentes bases; e polos que as persoas aspirantes poderán acadar como máximo, e por todos eles, **unha puntuación máxima de 100 puntos.**

Os méritos valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

Esta valoración de méritos corresponderá á Comisión Técnica de Selección constituída para este proceso, segundo o indicado na base 8

a) Mérito 1. Experiencia (servizos prestados) no desempeño de cargos/postos de responsabilidade na xestión pública ou privada; que será valorado consonte o indicado a continuación, e ata unha puntuación máxima de **50 puntos:**

- 1) Por servizos prestados e acreditados en órganos superiores ou directivos, ou como persoal directivo, dentro sector público local: a razón de 0,50 puntos por cada mes de servizos prestados, e ata un máximo de 50 puntos.

E ao ditos efectos entenderase por Sector Público Local o comprendido dentro do previsto nos artigos 2.1.c, 2.2.a e 2.2.b da Lei 40/2025, de 1 de outubro. E aplicarase a definición de órganos superiores e directivos contemplada no artigo 130 da LRBRL (aínda que non se traten de municipios de gran poboación), así como a definición de persoal directivo incluída na Disposición Adicional Décimo Quinta da LRBRL.

- 2) Por servizos prestados e acreditados en órganos superiores ou directivos, ou como persoal directivo, dentro do sector público diferente do local: a razón de 0,25 puntos por cada mes de servizos prestados, e ata un máximo de 25 puntos

E ao ditos efectos entenderase por Sector Público (non local) o definido como tal no artigo 2 da Lei 40/2025, de 1 de outubro. E consideraranse órganos superiores ou directivos, ou persoal directivo, aqueles que teñan a dita consideración segundo a normativa específica aplicable.

- 3) Por servizos prestados e acreditados en postos/cargos directivos dentro do sector privado: a razón de 0,12 puntos por cada mes de servizos prestados, e ata un máximo de 12 puntos.

E ao ditos efectos consideraranse cargos/postos directivos aqueles que estean contemplados como tales dentro dos estatutos da entidade/empresa correspondente ou, no seu caso, teñan sido desempeñados mediante relación laboral de carácter especial de persoal de alta dirección (ou análoga)

A acreditación da servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, realizarase consonte o sinalado a continuación:

- Nos supostos de servizos prestados en Administracións Públicas ou entidades integrantes do Sector Público, mediante a achega de certificación/informe oficial (ou documento acreditativo equivalente) emitida/expedida polo empregado, servizo ou órgano competente; e na que, para que ditos servizos poidan ser valorados, deberá constar cando menos e de forma clara e inequívoca, o órgano/posto no que se tiveron prestado, e o tempo de prestación
- Nos supostos de servizos prestados no sector privado e entidades non incluídas no parágrafo anterior, mediante a achega de documento xustificativo/acreditativo fidedigno emitido polo empregado, cargo ou servizo competente, e no que, para que ditos servizos poidan ser valorados, deberá constar cando menos e de forma clara e inequívoca, o cargo/posto no que se tiveron prestado, e o tempo de prestación; que se deberá acompañar do correspondente contrato de traballo (ou no seu caso mercantil) xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.

b) Mérito 2. Formación; que será valorado consonte o indicado a continuación, e ata unha puntuación máxima de **50 puntos**:

b1) Titulación. Tendo en conta as titulacións universitarias alegadas e acreditadas para poder participar na convocatoria (segundo o previsto nas bases 4.1.a e 5.b), serán obxecto de especial e maior valoración as seguintes: Licenciaturas ou graos universitarios oficias en Economía, en Administración e Dirección de Empresas, en Dereito, en Ciencias Políticas e da Administración, en Dirección/Xestión/Administracións Pública, ou equivalentes (ou dobres graos que comprendan algunha das anteriores); aquela persoa aspirante que acredite estar en posesión dalgunha destas titulacións, será valorada con **25 puntos**.

Non serán obxecto de valoración os títulos de máster ou posgrao correspondentes.

b2) Formación específica; ata un máximo de 25 puntos. Valorarase a formación específica directamente relacionada coas funcións, responsabilidades e/ou competencias profesionais inherentes ao posto a desempeñar.

Aos anteditos efectos, consideraranse formación específica susceptible de valoración os cursos/accións de formación específica, especialización ou perfeccionamento acreditados polas persoas aspirantes, cunha duración mínima de 15 horas, e que:

- Teñan sido impartidos/realizados e/ou homologados no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), dos Acordos/Plans para a Formación Continua do Persoal das Administracións Públicas, ou equivalentes/substitutivos
- Ou teñan sido impartidos, organizados e/ou homologados por Administracións Públicas e aqueloutros organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas
- Ou que teñan sido impartidos ou organizados por centros de formación homologados; ou por Universidades Privadas, Escolas Oficiais, Colexios Oficiais, Organización Sindicais e aqueloutras entidades públicas ou privadas sempre que os ditos cursos/accións de formación contén, en todo caso, con homologación ou recoñecemento oficial.

E que no referido ao seu contido/obxecto cumpran, versen sobre algunha das seguintes materias:

- Dirección/xestión directiva (pública ou privada)
- Dirección/xestión de Entidades Públicas Empresariais
- Contratación Pública

- Xestión de recursos humanos
- Xestión económica/contable
- Facenda Pública.
- Xestión do Ciclo Integral da Auga

E terase en conta tamén, sen prexuízo do antedito, e aos efectos da determinación da formación susceptible de valoración:

- Que se valorarán os títulos de máster ou posgraos non doutoral (ou equivalentes) vinculados ás titulacións referidas no apartado b1., e que teñan sido outorgados por Universidades, Centros de Educación Superior e restantes centros públicos ou privados homologados/autorizados aos ditos efectos
- Que non se valorarán os títulos académicos oficiais do Sistema Educativo Español (en ningún dos seus diferentes niveis) ou equivalentes doutros Estados, nin a as horas de formación recibidas para/durante a obtención dos mesmos, agás os referidos no seguinte apartado.
- Que non serán obxecto de valoración:
 - A asistencia a xornadas, simposios, seminarios, congresos ou similares/asimilables respecto dos que non se poida achegar título/certificación ou documento acreditativo equivalente no que figuren as horas de asistencia ou créditos no seu caso recoñecidos.
 - A formación especializada que resulte imprescindible/habilitante para a obtención dunha titulación académica oficial determinada ou para o exercicio dunha profesión/carreira

A formación específica debidamente acreditada, e que cumpra cos criterios anteditos, será valorada do seguinte xeito; **a razón de 0,05 puntos por cada hora de formación**

No caso de que a duración os cursos/accións de formación alegados só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas; e non serán valorados os de duración inferior a 15 horas

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións de formación cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima

A acreditación da formación específica alegada polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, e que teña sido expedido/emitido polo órgano/autoridade competente da entidade/organismo organizador ou responsable aos ditos efectos acreditativos

Nos anteditos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración (en horas e/ou créditos), así como o seu obxecto e/ou materias/temario/contidos impartidos (agás cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

7.3. A puntuación final resultará das suma das puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes pola valoración dos méritos anteditos, nos termos indicados.

Nos supostos de empate entre as puntuacións finais obtidas por dous ou máis aspirantes, estes resolveranse mediante o desenvolvemento da entrevista curricular descrita no apartado seguinte.

7.4. As entrevistas curriculares que no seu caso procedan, por existiren situacións de empate entre dous os máis persoas aspirantes trala valoración do méritos indicados no apartado 7.2, será realizada pola Comisión Técnica de Selección, consonte os seguintes criterios:

- Todas as entrevistas realizarase, nunha mesma data, de forma seguida e con mesma hora de convocatoria para todas as persoas aspirantes (data e hora que será comunicada persoal e formalmente aos interesados); e nunha estancia na que só estarán presentes os integrantes da Comisión e a/o entrevistada/o
- Versará sobre a traxectoria profesional e restantes méritos e aspectos contidos no mesmo, postos en relación co perfil profesional, responsabilidades e funcións propios do/a Xerente.
- Deberá realizarse consonte a uns criterios e preguntas/cuestións, e sistema de valoración, previamente determinadas pola Comisión Técnica de Selección, e que non supoñan discriminación entre as persoas aspirantes a entrevistar
- Os entrevistados serán clasificados e ordenados de máis a menos idóneo, debendo propoñerse o nomeamento daquel que a Comisión estime máis idóneo

7.5. A puntuación resultante da valoración dos méritos (con indicación singularizada da puntuación obtida polos diferentes méritos), así como o resultado da realización das entrevistas no seu caso procedentes, faranse públicos mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipais; con indicación singularizada da puntuación obtida polos diferentes méritos, así como da puntuación total acadada. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular as alegacións/reclamacións que no seu caso estimen pertinentes. Á vista das reclamacións que se presenten, e de ser estimadas, realizaranse as correccións nas puntuacións no seu caso procedentes, con nova publicación das mesmas no taboleiro de anuncios e páxina web municipal.

7.6. Unha vez rematada a valoración dos méritos anteditos e, no seu caso, realizada a entrevista necesaria para desfacer os empates existentes, a Comisión Técnica de Selección determinará aquelas persoas aspirantes que resulten idóneas, por ter acadado un mínimo de 50 puntos en total, e 25 en cada un dos dous méritos, que serán clasificados de máis a menos idóneo segundo a orde resultante da puntuación outorgada (e, no seu caso, do resultado da entrevista curricular); debendo considerar non idóneos aqueles que no tiveran obtido esta puntuación mínima requirida. E deberá realizar proposta, asinada por todos os seus integrantes, na que se propoña o nomeamento como Xerente daquela persoa aspirante que se considere máis idónea. A dita proposta de nomeamento deberase motivarse no cumprimento dos requisitos fixados nas bases, así como na aplicación dos criterios de valoración fixados nestas bases

Dita proposta será trasladada ao Presidente do Consello de Administración que, en base á mesma, emitirá proposta que someterá ao Consello de Administración para que, de ser o caso, e consonte as súas atribucións, acorde o nomeamento da persoa proposta. En caso de adoptarse acordo de rexeitamento da proposta de nomeamento realizada pola Presidencia e a Comisión, este deberá acompañarse da correspondente motivación, en atención aos criterios fixados nas presentes bases.

No dito acordo de nomeamento deberase indicar a data de efectos do mesmo e, polo tanto, da toma de posesión efectiva; que non se poderá producir nun prazo inferior aos 3 días hábiles nin superior aos 30 días, e que se contará dende o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Tanto o Presidente como o Consello de Administración poderán propoñer e acordar, respectivamente, que se declare deserta a convocatoria, se existise proposta nese sentido emitida pola Comisión Técnica de Selección, e motivada nos criterios de valoración fixados nestas bases e/ou no incumprimento dos requisitos fixados nas mesmas,

7.7. Antes da súa toma de posesión a persoa nomeada deberá proceder ás seguintes actuacións:

- Presentar de declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incurrir):
 - o Aceptación expresa do seu nomeamento
 - o Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e previamente acreditados para poder participar na convocatoria e ser nomeado
- Formular declaración de bens e actividades, que será realizada e obxecto de rexistro e publicación nos mesmos termos e prazos previstos para os cargos electos municipais (segundo o disposto ao efecto no artigo 75.7 da LRBRL e restante normativa de aplicación).
- Presentar os datos de afiliación á seguridade social ou réxime de protección social aplicable; así como certificación da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

7.8. Se no prazo e forma indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivada, que será obxecto de apreciación e no seu caso estimación por parte do Presidente), a persoa aspirante proposta para ser nomeada Xerente non cumprira coas actuacións anteditas, ou da mesmas se deducira que non reúnen os requisitos esixidos, non procederá o seu nomeamento, anularanse as actuacións anteriores e entenderase a súa renuncia e desistencia dos dereitos inherentes; e isto sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puideran incurrir por falsidade. E nese caso a Presidencia propondrá o nomeamento da persoa que ocupe o seguinte lugar na lista de aspirantes idóneos/as configurada pola Comisión, ao que se requirirá a achega da documentación antes sinalada, en forma e prazos idénticos

7.9. Unha vez se teña procedido a seu nomeamento e toma de posesión, publicarase o currículo profesional do/a Xerente no apartado de transparencia do portal web do Concello de Ames (e no de Augas de Ames EPEL, unha vez se teña habilitado o mesmo).

8. COMISIÓN TÉCNICA DE SELECCIÓN

para o desenvolvemento do proceso de selección descrito na base 7, e realizar a valoración de méritos e a entrevista no seu caso procedentes previstas ao efecto, constituirase unha Comisión Técnica de Selección.

Os seus integrantes, tanto os titulares como os correspondentes suplentes, serán nomeados polo Presidente do Consello de Administración, xunto coa resolución de aprobación da listade definitiva de admitidos/as. E estará conformada por 3 integrantes, dos cales un exercerá como Presidente e outro como Secretario, e todos eles con voz e con voto.

Os integrantes deberán reunir a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das Administracións Públicas ou entidades de dereito público dependentes das mesmas, e pertencer ao grupo profesional A1 (ou análogo).

Por cada un/unha dos/das membros/as titulares nomearase un/unha suplente, que deberá reunir os mesmos requisitos esixidos aos titulares, e actuará nos supostos de que este non poida asistir á correspondente sesión da Comisión.

A Comisión non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de dous dos seus integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a. E todas as reunións/sesión que celebre o o/a secretario/a emitirá a correspondente acta.

Para todo o non previsto nas presentes bases, en relación co funcionamento e actuación desta Comisión, estarase aos mesmos criterios e normas aplicables, con carácter básico e xeral, para os órganos de selección dos procesos de acceso ao emprego público.

9ª. NORMAS FINAIS.

9.1. As presentes Bases vinculan a Augas de Ames EPEL, así como aos órganos da mesma e persoas aspirantes participantes na convocatoria regulada polas mesmas.

Para todo o non previsto nestas Bases estase ao disposto polo marco normativo de aplicación, segundo proceda. E a Comisión Técnica de Selección, o Presidente e o Consello de Administración estará facultados, no exercicio das súas respectivas atribucións, para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e para cantas actuacións resultasen no seu caso necesarias para a boa orde e adecuado desenvolvemento da convocatoria e proceso de selección e nomeamento, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables, e con arranxo ao sentido e contido destas bases reguladoras.

9.2. Todas as referencias contidas nas presentes bases ao Presidente do Consello de Administración de Augas de Ames EPEL entenderanse realizadas ao órgano municipal que, no seu caso e por previsión normativa e/ou delegación deste, asuma idénticas competencias.

9.3. De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade de Augas de Ames EPEL, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

Igualmente, ao efectos do cumprimento antedita e restante normativa aplicable na materia, toda actuación derivada desta convocatoria que implique publicidade/exposición pública de identificacións nominais deberán ser obxecto das adecuacións pertinentes en materia de protección de datos de carácter persoal; así, con carácter xeral e sen prexuízo daqueloutra metodoloxía igualmente válida para os ditos efectos, realizaranse con indicación do nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI.

10ª. RÉXIME DE RECURSOS.

A resolución aprobatoria destas bases e da convocatoria de referida, e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou aqueloutra normativa concordante e/ou vixente ao respecto.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

"Sr. Presidente da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL

D./D.^a _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º _____, piso _____ C.P. _____, da localidade _____, con teléfono _____, e correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar na **CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN, E POSTERIOR NOMEAMENTO, DO/A XERENTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL, CUXO ANUNCIO E BASES REGULADORAS TEÑEN SIDO OBXECTO DE PUBLICACIÓN NO BOP**

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, cumprir todos os requisitos esixidos para poder participar nesta convocatoria e ser nomeado/a Xerente, incluída a ausencia de causas que impidan a honorabilidade requirida, e me comprometo a manter o seu cumprimento durante todo o tempo de desempeño do dito cargo; e todo isto segundo o previsto nas bases reguladoras, que coñezo e acepto. Manifestado, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a na convocatoria; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto nas bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade
- Certificacións ou documentos acreditativos/xustificativos fidedignos de cumprir, ou estar en condicións de faze-lo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os requisitos específicos de participación sinalados na base 4.1., e, polo tanto;
 - De estar en posesións das seguintes titulacións universitarias:
 - De ser funcionario/a de carreira ou laboral fixo ao servizo das Administracións Públicas: SI/NON
 - De ser profesional do sector privado con cinco anos de servizos: SI/NON
- Certificado médico asinado por un colexiado en exercicio no que consta expresamente que se posúo a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e/ou tarefas a desenvolver en caso de ser nomeado/a, consonte o indicado ao efecto na base 4.2.b
- Documento acreditativo/xustificativo fidedigno de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para participar nesta convocatoria (CELGA 4 ou equivalente), consonte o indicado ao efecto na base 4.2.d
 - Si _____
 - Non _____
- Currículo ou documento equivalente e comprensivo da miña traxectoria profesional/formativa, asinado; e que inclúe relación dos méritos alegados e cuxa valoración se pretenda para apreciar a idoneidade da miña selección e nomeamento, con arranxo ao indicado ao respecto na base 7.2, xunto con copia da documentación de acreditación/xustificación fidedigna dos mesmos, na forma indicada na dita base
- Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación/documentación acreditativa de dita condición, e da súa compatibilidade coas funcións a desenvolver, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.
 - Si _____
 - Non _____

Asinado

En _____, a _____ de _____ de 2024

Ames, 04 de marzo de 2024

O presidente da EPEL

José Blas García Piñeiro